O rural de Neira Vilas. Crianza e xogo

[T] **Xosé López González**
Museo 'O Recuncho das Argalladas' (Vilanova de Lourenzá). Observatorio Lúdico Galego
[F] **José Manuel García**

Case vai aló un século, dende que Manuela Vilas Arteaga trouxera ao mundo o seu fillo, Xosé, o seu primeiro fillo de sete, en Gres (Vila de Cruces) aquel sábado 3 de novembro de 1928 ás sete da mañá. Unha mañá outoniza e mollada, polo visto. Naceu na casa, tal como o facían todas as crianzas que tiñan a sorte de veren a primeira luz no rural, no medio que os ía criar e desenvolver como nenas e nenos, no berce dunha natureza protectora e cantareira.

Eran outros os tempos, se cadra marabillosos para sobrevivir, aínda que non tanto para vivir, non só polas épocas convulsas a nivel político que derivaron nunha guerra

civil dentro do Estado e nunha posguerra terrible, senón polas consecuencias que esta situación trouxo consigo: fame, poucos recursos e medo, moito medo.

> Montado en cabalo pedrés chegou á aldea un corpudo forasteiro de pelo branco. Descabalgou diante da taberna. Non entrou a beber nin pediu nada para a besta. Só lles dixo ós que alí andaban: "Estalou a guerra. Víase vir e veu, pobres de nós todos. Haberá xenreiras e vingas. Correrá moito sangue". Iso dixo. Logo, cuspiñou as mans, endereitou unha das polainas, montou de novo e foise por onde viñera, a trote lixeiro. (...) Era a guerra. (NEIRA VILAS 2018:57).
>
> Eran tempos de guerra. Tal se rosmaba nos arredores. A xente andaba con medo. Falábase en murmurio. Non había foliadas, nin Entroido, nin estalaban foguetes. Eu tiña oito anos e pouco entendía daquela situación. Os mozos eran arrincados do agro e levados ás trincheiras. Disparaban sen saber a quen nin por que. Ás veces, polo correo chegaba un telegrama azul coa noticia de que algún deles caera "por Dios y por la patria". E había carraxe e loito e funerais. E as nais e as viúvas choraban dicindo, cos brazos ergueitos, ¡que vai ser de nós! (NEIRA VILAS 2019:73).

Un mundo de traballos e tarefas vinculadas coa agricultura, dentro dunha economía, claramente, de subsistencia, en que as crianzas tiñan que colaborar e axudar na medida do posible, antes e despois de asistiren á escola, caso fosen, pois non sempre acontecía deste xeito. Os propios pais e nais ían ensinando nestes labores os seus fillos e fillas. Esta aprendizaxe cotiá levaría á adquisición de saberes vencellados co ir e vir estacional da natureza que os rodeaba (época de cultivos, evolución das árbores, ciclo vital da flora e da fauna, en xeral...), o que derivaría nunha simbiose entre crianza e medio, un amañarse entre si, un coñecemento mutuo, un camiñar da man.

Primaba a colectividade sobre a individualidade, cando menos entre a xente labrega, axudándose mutuamente a realizar traballos de recolleita estacional.

Xosé Neira Vilas, cando falaba do pai, comentaba:

> Foime deprendendo todos os traballos da terra: sachar, arrendar, estercar, rozar, esfollar, sementar, trollar, segar...
> Foi poñéndome nas mans o fouciño para apañar herba, pabón, aveas, nabos, alcacén; a macheta para escotar carballos e fender achas; o angazo para achanzar, recoller grama e xuntar podremio no monte.
>
> Non me era allea ningunha ferramenta. Ningún trasfego. Ningunha xeira das que veñen dadas polo decorrer do ano e o bambeo das temperanzas.
>
> Todo me foi dado e ensinado (...) (NEIRA VILAS 2019:35).
>
> Tiñamos na Zanquiña uns carballos cerqueiros, deses que só medran a por de moitos anos. Alí estaban, nin ledos nin tristes, durmindo no inverno e espertando verdecidos na primavera. Botaban coquiño e servían de pouso a paxaros cantores, rebulideiros que se arrolaban na suavidade dos peniscos.
>
> E unha mañá chegamos nós, con tronzador e macheta. Coma cando os escotabamos, el sabía que non me chistaba aquel despoxo. E explicoume que lle sacabamos a casca do tronco para venderlla ao fragueiro, que nos daba uns cartos por ela. A casca tiña tanino, que servía para curtir peles e converter o coiro das vacas en zocos, polainas, atabais, cintos... (NEIRA VILAS 2019:45).

Calquera cousiña ou miudeza, por pequena que fose, era o suficiente para evadirse ou esquecerse dunha realidade non sempre chea de bonanza.

Coñecemento e mais coñecemento, o espazo rural como un laboratorio de aprendizaxe continuada, uns devezos de se faceren adultos antes de tempo.

> Cada cousa no seu tempo. Tempo de arar, de gradar, de escadrullar, de canizar. Laboreo da terra. Canto dos apeiros no outono. Esparéxense as chotas e os pallocos de esterco arrincado da corte e posto en moricas leiras adiante. O trigo e o centeo danzan na man da sementadora, e acoden presurosos uns paxaros rebuldeiros. (...) Avanzan vagarosamente as vacas, chamadas por min. Trollos e angazos achanzan a terra e van acochando a semente estercada. Todo no seu. (NEIRA VILAS 2019:55).

Primaba a colectividade sobre a individualidade, cando menos entre a xente labrega, axudándose mutuamente a realizar traballos de recolleita estacional: a sega do trigo, centeo, aveas ou cebada; apañar as patacas, recolleita e esfolla do millo... Non só nisto, senón tamén cando cadraba de realizar tarefas que revertían nun uso ou desfrute común, como limpar un rego dunha fonte para regar os prados, arranxar unha poza de auga para a rega do millo, rozar un camiño para mellorar o paso... Un feixe de momentos vitais compartidos polo ben da comunidade. Compartir para sobrevivir.

Mais tamén o rural, estas mulleres e homes que loitaban acotío por ter unha vida o máis desafogada posible, estaba moi influenciada pola Igrexa, a institución relixiosa que todo o controlaba, a través da confesión, e que case calquera desvío da norma imposta por ela, era pecado.

> Meu tío Braulio morreu de disgracia. É certo. Pero eu non lle afinquei. Pasaron xa tres anos e inda se fala del con moita aquela. Era un home pouco dado ó traballo, dende que voltou do servicio. Moi chusco e compangueiro. Amigo da troula e das romarías. Pero morreu. E houbo que poñer loito. Todos coma curas. O meu pantalón de cada día é negro. Cada vez menos negro, porque as remontas e romendos sobrepostos son do que cadra. Tamén ando con betós escuros na camisa. Pero vestir así ou doutra maneira tanto me ten. O que me amola é quedarme na casa os días de festa. (NEIRA VILAS 1981:31).

O loito podía durar varios anos. No caso das viúvas, mesmo toda a súa existencia. Mesmo as fillas tamén podían botar varios anos entre misas e loitos. As festas, as romarías, as risas, cando menos á vista da xente estaban prohibidas pola propia familia, influenciadas, obviamente pola Igrexa, mais tamén polo díxome díxome do que dirán. Unha tristeza!

Non obstante, as crianzas tamén dispuñan, entre traballo e tarefa ou comenencia relixiosa, tempo para o lecer brincando e gozando dos seus xogos e xoguetes en diferentes espazos "lúdicos".

Como o tempo de goce era mínimo, o desfrute del era aproveitado ao máximo. Calquera cousiña ou miudeza, por pequena que fose, era o suficiente para evadirse ou esquecerse dunha realidade non sempre chea de bonanza. Os lugares, os espazos de xogo, eran perfectamente coñecidos e controlados, dado o seu coñecemento diario dos diversos labores desenvolvidos en contacto coa terra que tripaban habitualmente.

Xa que logo, aínda que non esteamos nun *locus amoenus,* ese lugar idealizado marcado por unha beleza absoluta, unhas árbores marabillosas, un recanto de paz, sosego, tranquilidade e, mesmo seguro, si esta ruralidade enchoupada de terras traballadas, montes cavados para producir máis, diversidade de árbores xurdidas por xeración espontánea, non en fileiras con aire marcial, é a que lle vai proporcionar ás crianzas ese espazo no que desenvolver a súa actividade lúdica, cando xurdía ese momento de lecer despois de os traballos ficaren realizados.

Chegado ese tempo, era a situación perfecta para deixar voar o maxín e argallar, co que fose, porque o importante era o feito de poder esparexer esa enerxía que se levaba dentro.

Coa **carola de nabo** fixen a cara dun **macaco**. En cadanseu ollo metinlle unha faba tarabela. Púxeno nun burato do valo, coma un santo.

A Miguel tamén se lle daba por facer **macacos**, e **carros e arados de casca de piñeiro**. Faraos na América? Talvez non lle deixe o tío Xaquín. (NEIRA VILAS 1981:48, 49).

Púxenme a facer moreas de terra. Sempre me gostou xogar ca terra. Estaba morna a da tona; a de máis abaixo gardaba algunha lentura. Primeiro fixen un balo; dempois unha ponte. Unha **ponte con follas de millo** e barba de mazaroca por derriba, a xeito de chao e orelas. Foi cando ouvín que me chamaban. Erguinme de súpeto, pero volteime a angar. (NEIRA VILAS 1981:21).

Isto dicía Balbino, "un rapaz da aldea. Coma quen dis un ninguén. E ademais, probe". O protagonista de *Memorias dun neno labrego,* que ben puidera ter sido o propio Neira Vilas cando neno ou outro seu veciño calquera. Non importaba o lugar, nin cando, o máis importante eran esas ganas de enredar.

Os nenos probes non teñen xoguetes. Nin comen compango, nin poden escorrentar o frío no inverno. Ben o sabía Tomás. Os nenos probes non se queixan. Saben dende cativos que os laios nada resolven. Afanse a aturar; vóltanse duros dende o mesmo berce. Tomás era un neno probe. Pedíalle á súa nai, cada vez que ela ía á feira, que lle mercase algo pra enredar. **Un trompo, unha pelota de goma, un pínfano**. Calquera cousa. O que menos custase. Ensináranlle a rezar e rezaba pola noite, coas mauciñas ergueitas, pedindo un xoguete. Un día cansouse e non rezou máis. Pode decirse que os rapaces probes non tiveron nenez. Algús son habelenciosos e **fan carros de pau, paxareiras, asubiotes.** Outros, nin eso. Pero todos na aldeia sinten degaro dun chirimbolo mercado. Algo que verdadeiramente mereza chamarse xoguete. (NEIRA VILAS 1971:53)

A pobreza adobiaba toda a vida das crianzas do rural naqueles tempos e devecían por algo diferente que vían nas mans doutros iguais, pero de familias ricas. Esta situación, dende logo, axudaba a estimular a imaxinación á hora de brincar.

↘ Asubiote de casca de ameneiro / O rincón das Argalladas

Foran quedando atrás **as carracas de noz**, e **a escondida** (con aña e salvadoiro e os versos pra ir saíndo un a un, coma aquelo do *"pinto pinto gargarinto"* ou *"chinchín carroupí carroupés..."*; e as rapazas coa **boliña do can** e **o materilerilerile materilerilerón,** e **roda roda.** Había pra todos, máis xogos ca tempo, e ás veces non era un xogar deprendido, regramentado, senón **carreiras monte abaixo, apolique de árbores** até chegar ó curuto cimbreante, perigoso equilibrio na presa do muíño; ou aquel agatiñar darrasto pola cuneta... (...)

Moncho andaba en todas. Nas **batallas a croiazos**, no areeiro de cabalos do demo e batuxeo, nas **cometas** (bermante, papel, canavelas, recina) que voan e voan e abanéanse por derriba das casas; no rolar do **aro de ferro**; na **roda dentada** que taravelea; no loureiro da pascua. (NEIRA VILAS 1980.73, 74)

Xosé Neira Vilas foi tamén un neno que enredou o seu, como así o demostran as anteriores palabras dedicadas a estes elementos que enchían de felicidade as vidas dunhas crianzas en que non era doado gozar.

Para cada momento ou situación tiñan o seu xogo ou brinquedo, tamén dependendo do número de crianzas que coincidisen, fosen elas nenas ou nenos ou unha mestura grupal.

Tiratacos de sabugueiro / O rincón das Argalladas

Para cada momento ou situación tiñan o seu xogo ou brinquedo, tamén dependendo do número de crianzas que coincidisen, fosen elas nenas ou nenos ou unha mestura grupal.

> - Coida o neno –dicíalle súa nai cando saía para o agro.
>
> E Ruliño coidaba del. Cantaruxáballe, tocaba **o subiote** á súa beira. E tamén o arrolaba. (...) Na eira agardaban os amigos de Ruliño para **xogar á estornela**. Foi nesa cando colleu o fío **do papaventos**, atouno a un palitroque do berce e guindou o nobelo por unha bufarra para fóra. Enfiuono polos bacelos abaixo e dende o cabo da eira, mentres bulía a xogar, arrolaba o neno. Unha boa estrucia. (NEIRA VILAS 2022:48, 50)

Mesmo cando tiñan algunha tarefa ou encargo ineludible, seguían a enredar como podían, tirando sempre do seu enxeño e astucia, tal eran as ganas de brincadeira.

> Aquí, dende o meu berce pequecho, sentín o primeiro agurgullar do mundo; ouvín e dixen logo as primeiras falas; botéime a andar. Choréi longas bágoas e tamén rin a cachón. **Xoguéi con chafaricos que eu mesmo fixen.** Por min pasaron molladuras e friaxes, e soupen dende moi novo do suor que da o traballo. Medos, tristuras, debezos, angueiras, soños, todo xunto gallopaba en min naqueles anos. (NEIRA VILAS 1974:8)

Por mor dos traballos do campo, os adultos non dispuñan de tempo para crear enredos ou xogos coas crianzas, daquela eran elas mesmas quen os confeccionaban, mellor ou peor, pero apagaban o lume do seu brincar.

> Dispúxose que cada neno debía levar á escola **un fusil de xoguete** á súa medida (as nenas, non). E todos colleron unha vara, un listón, unha taboela, rebaixáronos nalgunha parte, inventáronlles un cano, atáronlles un cordel a xeito de correaxe e leváronos. O del era o mellor. O Pai era carpinteiro e fíxolle **un fusiliño** moi chusco. Todas aquelas "armas" estaban amoreadas nun recanto da escola. Onde había mestres ían cos alumnos marchando co "un, dous, tres, catro". Pero á mestra da súa escola, unha señora de certa idade, non se lle axeitaba aquel xogo. (NEIRA VILAS 2013:149)

Así e todo, tamén había ocasións en que a persoa adulta quería deixar a súa pegada no brinquedo ben feito, sobre todo cando había que mostralo nun lugar coma a escola á que acudía a súa crianza.

DIXITALÍZATE!

Tempos Dixital
OPINIÓN E DEBATE NA REDE

Atlántica de Información lanza unha subscrición especial coa que terás acceso a máis contidos. TEMPOS NOVOS en pdf, dende o primeiro até o máis recente número editado, contidos específicos, acceso á revista cuadrimestral A Trabe de Ouro e ao suplemento de libros ProTexta. E no futuro, máis.

Non obstante, o rural foi e seguirá sendo un mundo onde agroma a imaxinación e o espazo, por excelencia, da creatividade lúdica das crianzas.

XOGUETES

> Sinxelos, elementais. O **papaventos** revoando no cabo do fío de breimante. O remuíño branco que xiraba na punta dunha varusca. **A pelota** redondeada con calcetíns vellos. **A bóla de pedra fariñenta** abaneándose entre cordeis de man en man. **O aro de ferro** volteando diante do guiador. **A carraca** das tebras do Venres Santo. **Os chancos** que convertían un rapaz nun eventual xigante. **A paxareira de palitroques**. **O rodicio manual de noz furada**, coa aspa voandeira de folla de lata. **O petapouco dos regueiros**. **A luciña de carburo** feita de canavela. **Os trebellos musicais**. **A bicicleta de pau**. **O tiratacos de sabugueiro**. **A escopeta de cano de paraugas**...
>
> Xoguetes e mais xoguetes. Xoguetes de feitío tradicional, arranxados pola miña man de rapaz, coa axuda doutras mans. Tiñan o encanto de seren arte nosa, habelencia nosa na escolla de materiais e no manexo de ferramentas. (NEIRA VILAS 2018:68, 69)

Xosé Neira Vilas foi tamén un neno que enredou o seu, como así o demostran as anteriores palabras dedicadas a estes elementos que enchían de felicidade as vidas dunhas crianzas en que non era doado gozar, dadas as circunstancias que as rodeaban naquela época do primeiro terzo do século XX. Mais, aínda así, unha crianza sempre atopa con que argallar e onde xogar, malia as dificultades evidentes de todo tipo. Non obstante, o rural foi e seguirá sendo un mundo onde agroma a imaxinación e o espazo, por excelencia, da creatividade lúdica das crianzas.

Xosé Neira Vilas / Santos Díez

BIBLIOGRAFÍA

Neira Vilas, Xosé (2018). ***De Gres a Cádiz***. Galaxia. Biblioteca Neira Vilas.

Neira Vilas, Xosé (2019). ***Co Pai***. Galaxia. Biblioteca Neira Vilas.

Neira Vilas, Xosé (1981). ***Memorias dun neno labrego***. Ediciós Do Castro. Narrativa. 10ª edición.

Neira Vilas, Xosé (1971). ***Xente no rodicio***. Galaxia. Illa nova. 2ª edición.

Neira Vilas, Xosé (1980). ***Aqueles anos do Moncho***. AKAL EDITOR. Arealonga. 2ª edición.

Neira Vilas, Xosé (2022). ***O cabaliño de buxo***. Galaxia. Árbore. 1ª edición. 1ª impresión.

Neira Vilas, Xosé (1974). *Lar*. AKAL EDITOR. Arealonguiña.

Neira Vilas, Xosé (2013). ***Aquel neno***. Edicións Embora.

Se tes unha subscrición a TEMPOS NOVOS, rexístrate en TEMPOS DIXITAL e darémosche acceso gratuíto en 24/48 horas. Logo escolle entre continuar coas dúas subscricións ou pasar á subscrición dixital aforrando un 18%.

Se aínda non estás subscrit@, accede á nosa tenda e escolle a opción da túa preferencia.

www.temposdixital.com